

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILIGÜE CHANO PIÑEIRO
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
ÁREA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA
MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL
DATA: 13-05-2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. escoitar calidades de sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
B1.5. Identificar algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.1. Identifica elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.
B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.
B2.1. Coñecer as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos.	EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.
B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronunciacións interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	EMB2.3.1. Interpreta un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
B2.4. Reproducir esquemas rítmicos coa voz ou o corpo.	EMB2.4.1. Acompaña cancións con fórmulas rítmicas básicas.

1. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p><u>Procedementos:</u> Observación Análise de produción do alumnado</p> <p><u>Instrumentos:</u> Escalas de valoración Lista de cotexo</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso: No cálculo da cualificación final que se establecerá na avaliación ordinaria de cada área, teremos en conta a media aritmética dos dous primeiros trimestres e o traballo desenvolvido polo alumnado neste 3º trimestre referido aos criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos dous primeiros trimestres do curso, reflectidos neste documento de adaptación e que, no caso destes últimos, so poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p>Cálculo da nota ordinaria:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telematicamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuíla.2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telematicamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación.3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telematicamente ou impresas e non participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telematicamente ou

	<p>impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva. O mestre ou mestra da área recollerá evidencias de ter informado a familia da situación.</p> <p>5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020 - 2021, o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas. Tamén debe quedar reflexado nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinaria, cumprimentando este apartado en Xade.</p> <p>Será o equipo docente, na sesión de avaliación do grupo, o que decidirá a promoción do alumnado tendo en conta o nivel acadado nos criterios de promoción de nivel dados e as competencias clave, non dependendo da cantidade de áreas suspensas.</p>
--	--

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Desenvolveranse actividades a distancia a través da Aula Virtual do centro de repaso, reforzo e recuperación do traballado nas das dúas primeiras avaliacións para que o alumnado afiance as aprendizaxes e as competencias claves traballadas, a través de actividades de linguaxe musical, repaso de cancións, instrumentos, actividades de ritmos e audicións.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía empregada pasa a ser non presencial por vía telemática a través da Aula Virtual do centro, tendo unha comunicación directa co alumnado para resolver dúbidas das actividades propostas a través desta plataforma ou do correo electrónico da mestra.</p> <p>Desenvolverase unha aprendizaxe por competencias, deseñando actividades que permitan ao alumnado afianzar a adquisición das competencias e aprendizaxes imprescindibles traballadas nos dous primeiros trimestres, propoñendo actividades de repaso, reforzo, recuperación e consolidación.</p> <p>Na medida do posible, deseñaránse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias. Reforzarase a coordinación co equipo de nivel para o deseño das actividades co fin de evitar a sobrecarga de tarefas ao alumnado e participarse nas videoconferencias organizadas polas titoras.</p> <p>Farase un seguimento do alumnado a través da Aula Virtual. No caso de non ter acceso a conectividade facilitarase o material impreso.</p>
Materiais e recursos	Os materiais son informáticos e audiovisuais, empregando vídeos, cancións e diferentes plataformas e aplicacións que proporcionan actividades, formularios e xogos interactivos corrixibles en liña.

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Informaremos ás familias por Abalar Móbil.</p> <p>Aquelas que non dispoñan de Abalar Móbil enviaráselle unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se poden dirixir para atopar a documentación.</p>
Publicidade	Publícase toda a información na páxina web do centro.